

# CONVENIOS ASINADOS 2017

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES DO DOLMEN DE CABALEIROS

## PARTES ASINANTES

Deputación Provincial da Coruña e Concello de Tordoia

## OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Tordoia, por medio do cal a Deputación provincial da Coruña encomenda ao Concello de Tordoia, o servizo de atención de visitantes ao Dolmen de Cabaleiros:

- Dar uso turístico ao Dolmen de Cabaleiros dentro dunha estratexia municipal e provincial.
- Impulsar o uso educativo e didáctico do Dolmen.
- Implicar á poboación local na posta en valor dos edificios e conectalo coa realidade da contorna

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio terá unha vixencia ata o 25 de novembro de 2017

Data da firma do convenio: Pendente de formalización

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

### ACTIVIDADE DE ATENCIÓN AO VISITANTE:

Obxetivos:

- Facilita-la visita do recinto colaborando en todo o que sexa posible para que poidan realiza-la nas mellores condicións, prestando os servizos de guía, monitorado ou similares.
- Facilitar ós visitantes folletos e información turisítica e cultural sobre o Dolmen de Cabaleiros e o seu entorno (Comarca de Ordes).
- Prestar servizos a grupos de visitantes.
- Controla-lo adecuado tránsito polo inmovible e establecer circuitos.

A información debe terse preparada, cando menos, en galego, castelán e inglés e a persoa que atenda aos visitantes debe saber dar unha explicación do conxunto nestes tres idiomas.

### ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN:

Obxetivos:

## CONVENIOS ASINADOS 2017

- Dar a coñecer o Dolmen de Cabaleiros como recurso turístico de Tordoia e de toda a Comarca de Ordes.
- Levar a cabo unha labor didáctica sobre escolares, para que poidan visitar o Dolmen e con a poboación local e os visitantes, e fagan unha labor de divulgación deste recurso.
- Trátase de divulgar este recurso e os seus contidos con diferentes ferramentas:
  - Web do Concello de Tordoia, e redes sociais
  - Prensa e medios de comunicación
  - Material impreso
  - Mailings
- As accións de divulgación e comunicación teñen os seguintes públicos obxectivos:
  - Profesionais de hostelería de Tordoia
  - Poboación de Tordoia
  - Profesionais de hostelería de Tordoia e comarca, e limítrofes
  - Puntos de información turística e museos
  - Centros educativos da provincia e asociacións
  - Axencias de viaxes

Para cada un deles é necesario deseñar unha estratexia de comunicación diferente.

Horarios e temporización:

<b>Inicio do servizo</b>	30 de xullo de 2017
<b>Entre o 30 de xullo ata o 25 de setembro</b>	Atención dende o 30 de xullo ata o 25 de setembro, ambos incluídos <b>Días:</b> sábados, domingos e festivos <b>Horario:</b> 8 horas diarias distribuídas a criterio do concello

### ORGANIZACIÓN

O responsable da organización é a Alcaldía, co apoio técnico dos departamentos de Emprego e Desenvolvemento Local e Cultural.

O Concello colaborará co persoal municipal no desenvolvemento de todas as actividades complementarias ao servizo de Atención ao visitante, mediante a organización de charlas, xornadas temáticas .... Todo isto co obxectivo de converter o Dolmen de Cabaleiros nun punto de atención e cultural de referencia.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

A Deputación provincial da Coruña abonará ao Concello de Tordoia a cantidade de 2.280,00€ en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes ao Dolmen de Cabaleiros durante o período comprendido entre o 30 de xullo de 2017 ata o 25 de setembro de 2017, con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3362/22609.

# CONVENIOS ASINADOS 2017

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA "OBRAS DE INVESTIMENTO NO CONCELLO DE TORODIA CAMIÑO PONTEPEDRA A COOPERATIVA E OUTRO"

## PARTES ASINANTES

Deputación Provincial da Coruña e Concello de Tordoia

## OBJECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Tordoia, para o financiamento da obra de "Obras de investimento no concello e Tordoia (camiño Pontepedra a Cooperativa e outro)", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado.

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará súa vixencia ata o 1 de novembro de 2018.

Data da firma do convenio: 17 de marzo de 2017

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de "melloras".
4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

Destino e manexo dos fondos recibidos

## **CONVENIOS ASINADOS 2017**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define nas cláusulas, cunha achega máxima de 55.500,00€, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

# CONVENIOS ASINADOS 2017

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO SD TORDOIA

## PARTES ASINANTES

Sociedad Deportiva Tordoia e Concello de Tordoia

## OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración do Concello de Tordoia coa Sociedade Deportiva Tordoia co fin de levar a cabo actuacións de promoción e difusión das actividades deportivas durante o exercicio 2017 de acordo co orzamento presentado.

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o final de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

Data da firma do convenio:

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A Sociedade Deportiva Tordoia queda obrigada a cumprir como mínimo as seguintes obrigacións:

- 1º.- Cumprir os obxectivos de correcta execución das actividades subvencionadas.
- 2º.- Xustificar a execución das actividades e a realización dos gastos conforme a este convenio e á normativa aplicable.
- 3º.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que se establecen na Lei Xeral de Subvencións.
- 4º.- Comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividades subvencionadas.
- 5º.- Estar ao corrente cos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social.
- 6º.- A facer constar expresamente, e de forma visible, en calquera dos medios que se utilicen para a difusión das actividades subvencionadas, que as mesmas se realizan co financiamento do Concello de TORDOIA. A Intervención Municipal, comprobará, de oficio, que a SOCIEDADE DEPORTIVA TORDOIA está o corrente coa Facenda Municipal.

## OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello de TORDOIA comprométese a facilitar á SOCIEDADE DEPORTIVA TORDOIA, a cantidade máxima de 9.000,00 euros (Nove mil euros), non podendo superar en porcentaxe relativa de gasto subvencionable o 95% do importe total do proxecto presentado en concepto de gastos exercicio 2017: (mutualidades, transporte, árbitros).

# CONVENIOS ASINADOS 2017

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN IGREXA DE VILADABADE

## PARTES ASINANTES

Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e Concello de Tordoia

## OBXECTO

É obxecto do presente convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e o concello de Tordoia para a realización das obras de "construcción de beirarrúas en Igrexa de Viladabade", cun orzamento total de cincuenta e dous mil oitocentos trinta e nove euros con oitenta e oito céntimos (52.839,88 €).

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente Convenio de colaboración , a eficacia deste convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2017.

Data da firma do convenio: 5 de maio de 2017

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

**A.-** A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo obrígase a:

a.- Participar no financiamento da actuación recollida neste convenio, cunha achega máxima de cincuenta e dous mil oitocentos trinta e nove euros con oitenta e oito céntimos (52.839,88 €),equivalente ao 100 % do investimento previsto, con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.521 A 7620 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2017.

Esta achega declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaría destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente. Así mesmo, o concello beneficiario poderá subcontratar, segundo se contempla no apartado B) desta cláusula, ata o 100% do investimento obxecto da axuda.

b.- A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, resérvase o dereito de inspeccionar as obras en calquera momento, tanto durante a súa execución como ao seu remate.

## CONVENIOS ASINADOS 2017

**B.-** O Concello de Tordoia oblígase a:

a.- Redactar os documentos técnicos que definan as obras a executar.

b.- Realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licencias, e autorizacións regulamentarias, segundo a normativa vixente que sexa aplicable, asumindo os custos que se xeren por estes conceptos, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal á que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello promotor e beneficiario destas actuacións.

c.- Levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das obras descritas no documento técnico e formalizar os actos de recepción das mesmas, así como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado no apartado A da presente cláusula.

d.- De acordo coa mesma Lei 9/2007, o concello asume a total responsabilidade das execucións ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista ou contratistas encargados de executar as obras, a obriga da colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 27.5.

e.- Realizar ante Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto a seguinte documentación:

(i) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención. En relación co contido do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, (DOG do 25 de xuño de 2007), faise constar para o presente acordo a excepción de consideración de gasto realizado igual ao gasto efectivamente pagado. A estes efectos, terase en conta que se considera gasto realizado, o que foi efectivamente certificado pola intervención ou polo órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención (artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, a entidade local beneficiaría deberá acreditar, dentro do prazo de un (1) mes contado a partir da data de recepción dos fondos da axuda, ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o pagamento dos fondos ao/s contratista/s que executaron as obras ou servizos obxecto do presente acordo.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal que corresponda.

(iii) Actas de recepción, unha vez finalizadas as obras.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto ñas dependencias citadas, establécese no día 15 de decembro de 2017.

f.- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

g.- Comunicar á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordó e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por

## CONVENIOS ASINADOS 2017

outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.

h.- Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devengados dende o momento do seu pagamento, neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

i.- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

j.- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

k.- O concello de Tordoia presta expresamente o seu consentimento para que se lle de, ao presente convenio, a publicidade que establecen os apartados 1 e 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida, e nos rexistros públicos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, rexistros creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina Web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo obrígase a participar no financiamento da actuación recollida neste convenio, cunha achega máxima de cincuenta e dous mil oitocentos trinta e nove euros con oitenta e oito céntimos (52.839,88 €).



# CONVENIOS ASINADOS 2017

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN CON LAS COMISIONES DE FIESTAS PARROQUIALES DE Y AYUNTAMIENTO DE TORDOIA PARA ORGANIZACION DE FIESTAS PATRONALES

## PARTES ASINANTES

Comisións de festas parroquiais e Concello de Tordoia

## OBJECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración do Concello de Tordoia coa ----  
-----co fin de levar a cabo a organización das Festas da Parroquia durante o exercicio 2017 dacordo co orzamento presentado.

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o final de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

Data da firma do convenio:

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A Comisión de festas queda obrigada a cumprir como mínimo as seguintes obrigacións:

- 1º.· Cumprir os obxectivos de correcta execución das actividades subvencionadas.
- 2º.· Xustificar a execución das actividades e a realización dos gastos conforme a este convenio e á normativa aplicable.
- 3º.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que se establecen na Lei Xeral de Subvencións.
- 4º.- Comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividades subvencionadas.
- 5º.- Estar ao corrente cos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social.
- 6º.· A facer constar expresamente, e de forma visible, en calquera dos medios que se utilicen para a difusión das actividades subvencionadas, que as mesmas se realizan co financiamento do Concello de TORDOIA. A Intervención Municipal, comprobará, de oficio, que a Comisión de festas está o corrente coa Facenda Municipal.

## OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello de TORDOIA comprométese a facilitar á comisión de festas, a cantidade máxima de XXXXXXXXX), non podendo superar en porcentaxe relativa de gasto subvencionable o 95% do importe total do proxecto presentado en concepto de gastos exercicio 2017: (mutualidades, transporte, árbitros).

# CONVENIOS ASINADOS 2017

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COOPERACION ENTRE A CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A REALIZACION DE OBRAS DE INFRAESTRUTURA RURAL (PIR 2017)

## PARTES ASINANTES

Consellería de Medio Rural e Concello de Tordoia

## OBXECTO

É obxecto do presente acordo a execución por parte da Consellería do Medio Rural da obra “Camiño Abeleiras-Burgan (Gorgullos) e outro”, titularidade do Concello de Tordoia, e destinada ao uso público, conforme ao proxecto establecido

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao Concello e a formalización da acta de entrega, segundo o establecido na cláusula quinta.

Data da firma do convenio: 18 de xullo de 2017

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

O concello de Tordoia en relación coa obra obxecto deste Acordo, asume as seguintes obrigas, segundo acordo da Xunta de Goberno Local con data 30/05/2017:

- A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.
- A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.
- Asumir - unha vez recepcionada/s a/s obra/s provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma- a explotación, mantemento e conservación da/s mesma/s.
- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para esta acto.
- Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no proxecto, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.
- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito concello.

## **CONVENIOS ASINADOS 2017**

A Consellería do Medio Rural asume a realización das obras sinaladas con cargo aos seus orzamentos, correspondéndolle en exclusiva a súa licitación ou encargo, tramitación e dirección.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

A Consellería do Medio Rural asume a realización das obras sinaladas con cargo aos seus orzamentos. O importe máximo que se destinará ás obras obxecto do presente convenio é de 60.440,46€.

# CONVENIOS ASINADOS 2017

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN CON LA FUNDACIÓN DE ESTUDIOS Y ANÁLISIS PARA EL DESARROLLO DE UN PROGRAMA DE PRÁCTICAS NO LABORALES

## **PARTES ASINANTES**

FESAN e Concello de Tordoia

## **OBJECTO**

El presente Convenio de Colaboración se establece para facilitar la presencia de los alumnos de dicho curso en la empresa anteriormente citada. Suscribir el presente convenio de colaboración para la realización de prácticas no laborables en la empresa anteriormente citada

## **PRAZO DE DURACIÓN**

El periodo de prácticas tendrá una duración máxima de 120 horas

Data da firma do convenio: 8 de setembro de 2017

## **MODIFICACIONES**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIONES**

La tutorización de las prácticas de los alumnos/as por parte de la entidad CONCELLO DE TORDOIA la ejercerá D.D.D. y por parte de FESAN, el equipo docente

## **OBRIGAS ECONÓMICAS**

Non constan

# CONVENIOS ASINADOS 2017

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PUBLICAS E XUSTIZA E ESTE CONCELLO PARA A EXECUCION DO PROXEC:COLECTOR XERAL SANEAMENTO A TAÑE

## PARTES ASINANTES

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Tordoia

## OBXECTO

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Tordoia para a execución do proxecto denominado Colector xeral de saneamento a Tañe

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 15 de novembro de 2017.

Data da firma do convenio: 14 de setembro de 2017

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

Son obrigas do Concello de Tordoia:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
4. Tramitar o expediente de contratación da obra conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, á que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar. O concello beneficiario estará ao disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e nos artigos 9.c) e 10.e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
5. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
  - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.

## CONVENIOS ASINADOS 2017

- b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula oitav deste convenio.
- c. Reintegrarse exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificicado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia. f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
6. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso do incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.
7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Presta a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de DEZANOVE MIL NOVECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (19.985,13€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2 (CP 2017 00054 Proxecto de desenvolvemento dos entes locais) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017. Este importe representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.
2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

### OBRIGAS ECONÓMICAS

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización da actuación deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de DEZANOVE MIL NOVECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (19.985,13€).

## **CONVENIOS ASINADOS 2017**

### **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO COA CONSELLERIA DO MEDIO RURAL PARA A CESION AO CONCELLO DE TORDOIA DE EQUIPOS DE PROTECCION INDIVIDUAL DO PLAN DE VIXILANCIA E CONTROL DA VESPA VELUTINA EN GALICIA

### **PARTES ASINANTES**

### **OBXECTO**

### **PRAZO DE DURACIÓN**

Data da firma do convenio: 11 de agosto de 2017

### **MODIFICACIÓNS**

### **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**